

V Curso de Verán sobre Dinamización Lingüística, Traballando en Lingua  
Do compromiso individual aos argumentos  
Carballo (A Coruña)

XOVES 16 DE XULLO 2009, 13:30 h

**Aproveitamento das redes de apoio por parte dos SNL. Deseño de  
accións de implicación colectivas**

Iolanda Gómis Parada

1. Aproveitamento das redes e accións de implicación colectivas, un contexto global: institucións, servizos, profesionais, entidades, ámbitos, etc
2. Contexto de actuación para a revitalización da lingua galega
  - 2.1. Contexto mundial e hexemonía lingüística
  - 2.2. Neoliberalismo e políticas lingüísticas
  - 2.3. O caso galego:
    - A necesidade do fortalecemento ideolóxico e discursivo
    - As políticas lingüísticas galegas: ineficacia ou insuficiencia?
3. Axentes na política lingüística: graos de influencia, capacidade de acción e condicionamentos
4. O papel protagonista das linguas na sociedade da información, o caso da lingua galega
  - Situación actual da lingua e transformacións sociais
  - Planificación lingüística ou contra planificación lingüística (galego-español-inglés)?
5. Algunhas propostas para a acción e a rede

---

\* Este texto distribúese baixo unha licenza [Recoñecemento-Compartir baixo a mesma licenza 3.0](#)



## Introdución

A exposición que segue non ten a intención de converterse nunha análise rigorosa das redes e accións que forman parte da política e da planificación lingüística galegas. Ten máis por obxecto reflexionar sobre a interacción entre contexto social e lingua. Ten a intención de reflexionar sobre os cambios que afectan á percepción social sobre a problemática das linguas, sobre a extensión, difusión e recreación dos discursos sociais ao redor da lingua ou relacionados con ela. Coas reflexións que se propoñen a seguir preténdese iniciar novos camiños de pensamento, crítica e posta ao día das percepcións, hipóteses e perspectivas de futuro da lingua galega. Imos analizar un contexto global, un campo de xogo extenso para a avaliación da situación da lingua galega e das súas posibilidades de proxección e recuperación.

Os textos que se escolleron para exemplificar algunha das ideas que se relatan ao longo da exposición non están citados cun rigor bibliográfico son máis unha ilusión, na súa tradución improvisada, na súa cita bibliográfica libre. Están trasladados ou traducidos ao galego co soño de que algún día a nosa lingua teña as súas funcións recuperadas. Co soño de que exista un prestixio, unha produción científica abondosa desde a sociedade galega. Unha ilusión para a que desde logo fai falla aínda moito traballo e moito esforzo

### 1. Aproveitamento das redes e accións de implicación colectivas, un contexto global: institucións, servizos, profesionais, entidades, ámbitos, etc

Isto non é unha análise rigorosa de todos os axentes implicados na responsabilidade da política lingüística galega, é unha actualización para a reflexión, para a posta a punto das apostas da lingua no contexto actual. Se nos facemos a pregunta de quen fai política lingüística no contexto galego virían á nosa cabeza diferentes respostas que van máis alá do que en principio analizamos como as redes máis evidentes da planificación, dinamización e acción lingüística: fan política ou planificación lingüística os SNL e as institucións, fan política lingüística as entidades comprometidas coa lingua, fan tamén política lingüística as grandes corporacións afincadas en Galiza. Concluiríamos que o

campo de acción do discurso lingüístico, da expresión da política e planificación lingüística vai máis alá do que a primeira vista poderíamos imaxinar.

O aproveitamento das redes de apoio á lingua estaría nos SNL, nas institucións, nos grupos políticos na industria, nas empresas, nas asociacións, nas entidades, etc. As accións de implicación colectivas deseñaríanse desde as institucións, desde a política lingüística das organizacións, desde a participación social, desde os diversos grupos sociais, etc. Así mesmo os tipos de accións virían condicionados polo ámbito no cal se aplica cada acción. Por exemplo: accións de implicación institucional, de implicación empresarial, industrial, de ámbito internacional, nacional, estatal, etc.

Como podemos observar mesmo unha rede de primeira orde e intuitiva faise moi complexa e está condicionada por diferentes contextos sociais, discursos, contextos económicos, políticos, culturais, etc.

Ademais destes protagonistas iniciais e dos tipos de acción de calquera política lingüística existen moitos condicionamentos ideolóxicos, económicos, socio políticos e culturais. Unha amalgama de factores estratéxicos e presentes constantemente na orientación, implantación, desenvolvemento e execución das políticas lingüísticas.

Como visión reflexiva, crítica e autocrítica, teríamos que revisar posiblemente: os axentes, os ámbitos, as implicacións, os tipos de acción se precisan... Os cambios contemporáneos supoñemos que condicionan a política lingüística galega actual, a todos os niveis, nacional, estatal, internacional, etc. Daquela o que si precisamos son diagnósticos, avaliacións, etc. Non exclusivamente estatísticos nin da área da investigación, senón tamén froito do pensamento social, da reflexión, da participación. Froito da reflexión conxunta con outra serie de áreas do coñecemento. Mais o que si semella bastante evidente é que para actuar é importante reflexionarmos sobre o marco social, económico, etc que temos diante. De feito estas reflexións aparecen nos textos de carácter sociolingüístico como unha necesidade dos nosos tempos, dando por suposto que existen transformacións importantes. Podemos observalo no seguinte texto:

*Temos, xa que logo, que facer efectivo o esforzo de aglutinar os sectores preocupados polo idioma e facer política lingüística a través das redes onde o idioma aínda está e quere conscientemente estar activo.*

*As políticas do convencemento e da persuasión -da propaganda, no sentido positivo do termo, sobre o que volveremos- non poden desaparecer, mais non poden ser as únicas.*

SANMARTÍN REI, G. (2009): *Nos camiños do entusiasmo. Calidade da lingua e planificación.* (Vigo: Xerais).

## 2. Contexto de actuación para a revitalización da lingua galega

Existe un especial protagonismo da lingua e das linguas nesta nosa sociedade do século XXI. Un protagonismo polémico ao tempo que interesante, estratéxico e simultaneamente ameazador. Aparecen novas formas das linguas na tecnoloxía, novos xeitos de comunicación. Caen en picado a lectura (supoño que non por igual en todos os ámbitos e estados). Existen novas implicacións para a supervivencia das linguas, novas necesidades de carácter técnico, económico e social. Esta situación pode converterse nunha oportunidade ou nunha nova problemática, ou ser un pouco as dúas cousas nun tempo. Un tempo que ao noso modesto entender aínda adocece da falta de análise de moitos elementos do actual cambio social.

E non nomeo o cambio social só desde unha perspectiva das TIC e a rede. Pretendemos sinalar un enorme cambio social que se vén producindo desde a última década do século XX. Un cambio que apunta a transformacións económicas de fondo, a transformacións do mercado laboral, a mudanzas nas relacións sociais (anomia, novas formas e xeitos de creación de grupos sociais, etc).

En definitiva, todo isto forma parte dunha realidade moi complexa e en declive ao tempo que en recreación. Estámonos reinventando e ao mesmo tempo destruimos outros paradigmas, unha transformación na que teñen moito que ver as implicacións para as diferentes linguas, para a planificación, promoción e acción sobre as mesmas. Sinxelamente aparecen novas contradicións do noso tempo ou sinxelamente aparece un novo tempo de cambio.

Neste contexto case todos os elementos dos que se vén falando afectan á lingua e ás linguas, aos seus e á súas falantes. Dialogan coas formas sociais, coas ideoloxías, co poder, ... E todas as accións en favor da lingua galega, todas as

redes de apoio se ven afectadas por estes cambios políticos, económicos, ideolóxicos, etc.

Unha das cuestións a destacar é o novo impulso que se lle outorga ao discurso do neoliberalismo lingüístico no marco do neoliberalismo económico e social. Isto camiña da man doutras alternativas e oportunidades interesantes para as linguas nun contexto onde vai ter forte valor o coñecemento, a información, a tecnoloxía, etc. Elementos en estreita relación coas linguas e cos seus usos e funcións. Reparemos senón no seguinte texto que avalía a creación de novos paradigmas sociais:

*O concepto de sociedade da información parte de considerar que o elemento emerxente máis importante, tanto para a produtividade como para a competitividade económica como para o poder político e a influencia cultural é a información. É dicir, quen se sitúa á cabeza nas novas sociedades é quen pode dispor e procesar máis información e comunicación. Por iso algúns analistas sosteñen, en parte como "boutade" que o verdadeiramente decisivo nas sociedades do futuro xa non será quen controle ou posúa os medios de produción senón os medios de comunicación.*

TEZANOS, JOSÉ FÉLIX. (2001): *A sociedade dividida. Estructuras de clases e desigualdades nas sociedades tecnolóxicas.* (Madrid: Biblioteca Nueva).

Temos logo dúas lóxicas convivindo, hai realmente oportunidades de recuperación, de cambio?

Existe polo contrario unha intensificación do neoliberalismo e das diferenzas sociais na que todo acción participativa vai tender a desaparecer? Pois podemos supor que nin unha cousa nin a outra. Podemos avaliar que ningún discurso de transformación é tan doado de levar á práctica e sabémolo polo caso que nos ocupa, o das accións para e por a lingua galega. Tamén sabemos que as predicións de fracaso non sempre se cumpren exactamente porque en moitas ocasións hai grupos, incluso non moi poderosos, que frean ou fan de control dos avances das ideoloxías máis neoliberais, totalizadoras ou de acción en contra da diversidade e da convivencia lingüística.

## 2.1. Contexto mundial e hexemonía lingüística

No contexto actual poderíamos identificar unha fonda preocupación pola posición do inglés no mundo, un cambio que hai que tomar moi en serio desde a perspectiva da xestión e a convivencia lingüística a nivel internacional.

Poderíamos facérmonos algunhas preguntas sobre isto: pódese hoxe traballar en política lingüística sen saber inglés, ou mesmo sen partir do inglés? a miña resposta particular é que non, nalgunha faceta xa non. Como imos logo: traducir, localizar, facer galegos todos os programas informáticos, os teléfonos móbiles que todo o mundo utiliza?

Isto pódenos levar a reflexionar sobre a situación preferente do inglés a nivel mundial, lévanos a avaliación dun fenómeno único na historia: a consolidación do inglés como lingua internacional. Entón poderíamos concluír desta análise que a política lingüística para o galego é en certa parte unha contra política lingüística, unha loita en certa medida pola supervivencia. Na que se cadra teñen mesmo máis en común galego e castelán que castelán e inglés.

Logo esta política lingüística desde o galego partiría dunha análise seria de preponderancia do inglés no contexto internacional. Esta preponderancia é explicada e difundida por prestixiosos e prestixiosas lingüistas de moitas partes do mundo. Lingüistas tan valorados como o propio David Crystal que avalía desde a propia lingua inglesa.

### **Un novo panorama lingüístico**

Desde o momento en que contemplamos os espectaculares cambios lingüísticos acontecidos ao longo da década dos noventa e reflexionamos sobre eles, resulta evidente o feito de que estamos presenciando o inicio dunha nova era lingüística.

### **Por que o inglés?**

Un idioma convértese nunha lingua mundial por unha razón exclusiva: o poder das persoas que o falan.

### **Apuntamentos sobre as linguas no século XXI**

Debido á grande cantidade de innovacións e transformacións da década dos 90, varios dos supostos lingüísticos que se aceptaban están sendo revisados. A aparición dunha lingua global, o inglés, alterou o equilibrio do poder lingüístico de xeito nunca experimentado e xerou toda unha nova serie de actitudes sobre a linguaxe e as linguas.

CRYSTAL, DAVID (2005): A revolución da linguaxe. (Madrid: Alianza Editorial).

Todos estes apuntamentos oriéntannos cara unha situación moi difícil para a promoción, revitalización e recuperación da lingua galega. Un terreo de xogo con moitas limitacións de partida para o que é o momento actual. Se cadra un dos elementos centrais a analizar é o contexto internacional. Suponse que será central ter este elemento en conta partindo de que estamos escoitando sen

descanso que vivimos nun mundo global, que o marco internacional é central para avaliar a situación social, económica, etc. E en relación con todos estes temas sempre está a lingua e as linguas.

Miles de postos de traballo posúen perfís lingüísticos, son millóns os libros de texto editados anualmente nas diferentes linguas, existen relacións comerciais en diferentes linguas tamén. É dicir a lingua ou as linguas forman parte do sistema económico e social dos diferentes estados, comunidades, federacións, unións, etc do mundo. A súa xestión é complexa e está enmarcada nunha serie de contextos básicos como é o da xestión lingüística. As linguas camiñan ao carón de identidades, de ideoloxías, de estruturas de poder. Reflexionar sobre todo isto non é máis que aplicar criterios científicos ao noso campo de traballo, achegar bo xuízo e análise global. De feito seguro que a ninguén se lle escapa que ao redor da lingua inglesa -sexa en cursos, edicións, trámites,... probablemente se produza un volume de mercado altísimo.

## 2.2. Neoliberalismo e políticas lingüísticas

Para introducir este concepto, que podería semellar sorprendente ou belixerante, é unha boa idea ler na interpretación de lingüistas, sociólogos da linguaxe, lingüistas con especialización en TIC e educación. No seguinte anaco dun libro, escrito desde os Estados Unidos xa no ano 2005, nállase a intensificación dun discurso neoliberal en canto ás linguas, un discurso parello a fenómenos de promoción do inglés no ensino, atento ás políticas de fomento do inglés da Unión Europea, un estudo analítico e moi ben fundamentado.

Colocamos algún dos textos, ao noso entender, máis interesantes:

### *Esixir a lingua da posibilidade: máis alá do cinismo do neoliberalismo*

Tratamos de desenmascarar a ideoloxía que se agocha tras a **actual hexemonía do inglés e das súas repercusións no ensino**, na planificación lingüística e na autonomía cultural. Neste capítulo sostemos que, ademais da importancia de entender como é posible que outras linguas nacionais perdan terreo fronte ao inglés a un ritmo constante en importancia de esferas políticas e económicas de comunicación, é de suma importancia analizar a lingua da ideoloxía neoliberal -unha ideoloxía que se estende de forma sixilosa, incluso naquelas linguas nacionais de países que resistiron a dominación do inglés dentro das súas fronteiras nacionais-.

(...)

É dicir, mentres moitos estados nación denuncian a imposición do inglés na súa vida cívica, cultural e institucional, aceptan a linguaxe do neoliberalismo que reforza a ideoloxía que se atopa tras a actual hexemonía mundial do inglés.

### As linguas estranxeiras nas escolas e o futuro lingüístico europeo

A planificación da lingua estranxeira asociouse, acertadamente, cunha neutralidade tecnicista e sen valor, e a pedagogía dunha lingua estranxeira enfocouse como unha actividade ideoloxicamente neutral, que pretende garantir a mobilidade social e o emprego satisfactorio. Esta visión adáptase a quen ten grande interese por exportar as súas linguas.

(...)

Efectivamente, a internacionalización dunha lingua implica vantaxes económicas e políticas... De feito a dominación lingüística leva implícita simultaneamente a supremacía cultural.

(...)

Os dereitos lingüísticos reflicten o control ideolóxico e as relacións de poder entre os grupos sociais e étnicos ao longo e ancho das fronteiras nacionais.

MACEDO, DONALDO/ DENDRINOS, BESSIE /GOURNARI, PANAYOTA (2005): *Lingua, ideoloxía e poder. A hexemonía do inglés*. (Barcelona: Graó)

Estas análises lévannos directamente ao marco do Estado, ao marco da planificación lingüística do castelán, do español no Estado no que convivimos. Seguramente as posicións máis centralistas non aparecerían neste marco por novos discursos ou novísimas estratexias. En realidade pensamos que ten moito que ver co propio contexto internacional, coas tendencias, que tamén se seguen en ocasións de xeito irreflexivo.

Se a Unión Europea utiliza cada vez máis univocamente o inglés a pesar da súa simultánea, e se cadra inoperante, defensa do multilingüismo. Se os propios EEUU camiñan desde hai uns anos cara unha educación máis monolingüe. Se xa hai estados nación que teñen o inglés -sen aparentes proximidades culturais- como lingua obrigatoria, tendo estes unha lingua propia. Entón, podemos extraer conclusións ou tendencias claras. Estamos diante dun contexto no que se agudizan as contradicións e no que se intensifican os discursos de hexemonía, de defensa do global, do predominante, do que non se saia da folla de ruta debuxada. Todo está ben visto agás a crítica ao imperialismo lingüístico e á imposición das linguas máis poderosas.

Hai uns anos no contexto do Estado o plurilingüismo podía representar unha norma de convivencia ou unha regulación do poder. Hoxe, tanto polo contexto

global como polo contexto estatal os discursos de defensa das outras linguas do estado -e dicir as linguas non comúns, como poderíamos ler na prensa- está máis debilitado, ou iso parece.

Ademais todo este marco de actuación a nivel estatal está condicionado: polo discurso neoliberal das linguas fortes -no que pretenden introducir ao castelán- e polo discurso da falsa liberdade que recorta liberdades -o discurso proteccionista do castelán en determinados territorios do estado-. Tamén temos que ter en conta o elemento da confusión, desmobilización e inactividade en momentos de crise do sistema. Todos estes elementos dan nunha quebra da crítica, da lexitimidade de moitos discursos lexítimos en canto a dereitos, do impulso para o cambio, para a transformación.

### 2.3. O caso galego:

- A necesidade do fortalecemento ideolóxico e discursivo

- As políticas lingüísticas galegas: ineficacia ou insuficiencia?

Avaliado este contexto previo a nivel internacional e estatal chegamos a análise do contexto galego actual, onde poderíamos sinalar unha serie de tendencias ou observacións que enmarcan o contexto e o campo de xogo para a lingua desde o propio marco galego. Por unha banda observamos como os discursos de defensa do idioma que viamos como debilitados a nivel estatal tamén se debilitan no contexto propio. Tamén poderíamos sinalar un hipotético fracaso dos discursos de non conflito, do multilingüismo non conflitivo, da ausencia de problemáticas na recuperación dunha lingua, na convivencia xusta e recuperábel da convivencia global das linguas. Nun contexto marcado polo aumento das diferenzas de oportunidades e poderes das diferentes linguas a escala mundial é máis que xustifico seguir a reivindicar unha xustiza lingüística en declive.

Tamén percibimos a ineficacia, insuficiencia, inoperancia ou falta de éxito global das políticas lingüísticas por razóns dos novos contextos existentes ou por falta de éxito de moitas iniciativas. Non o sabemos de certo mais o que si sabemos é que cada día é máis complexo garantir a presenza de linguas de non poder en todos os ámbitos. Así mesmo vivimos un momento de intensificación do esvaecemento das identidades, en clave histórica, cultural, política. Algo que se

encarga de facer moi ben o sistema no que vivimos. David Crystal tamén sinala este asunto ao catalogar o traballo de expansión mundial do inglés a través da música, do cinema, das finanzas, das empresas de ámbito internacional, etc.

Tamén actúa na contra da acción a favor da lingua galega o medre do poder dos medios de comunicación, ao noso modesto entender, con case nula ou escasa preocupación pola problemática da lingua e das linguas, da diversidade en xeral. Rexidos os grandes grupos por fortes intereses económicos, con nulos valores de sostibilidade ou cooperación.

A isto podemos sumar tamén o nacemento de novas formas sociais de relación das que aínda hoxe non sabemos o impacto, a comprensión superficial e mecánica do contexto das TIC vinculadas a outras realidades como a da lingua, a falta xeral de receptividade á novidade nin a novas apostas ou propostas sociais, a transformación a nivel mundial do mundo do traballo, etc.

Todo este conxunto de tendencias intuitivas lévanos a un marco duro e difícil para a lingua galega, para as accións, para o apoio nas redes que se van tecendo ao redor dela. Se cadra a tensión, o debate lingüístico dos últimos meses -fóra do seu carácter máis puramente destrutivo e sen saídas- foi a esperanza para que tomásemos conciencia de que a situación a nivel global tamén nos afecta e que debemos impulsar novos e vellos argumentos; e novas e vellos liñas de acción para o traballo.

Mais os tempos nos que estamos son de difícil promoción de reivindicacións, transformacións e cambios. E tamén de difícil comunicación coa sociedade pola atomización, pola perda de interese, polo todo está feito, polas novas formas sociais entre as que están os horarios de vida e de traballo que o condicionan todo. Un tempo no que son moitas as persoas coa sensación de sempre estaren ocupadas. Esta é unha percepción de grande parte da poboación, froito, supoñemos, de vivir nunha sociedade de mercado na que tamén hai que consumir o tempo.

### 3. Axentes na política lingüística: graos de influencia, capacidade de acción e condicionamentos

Os axentes implicados están nomeados, se cadra con necesidade de revisión no PXNLG: institucións de todo tipo, institucións lingüísticas, partidos políticos, asociacións, asociacións de defensa e dinamización da lingua, o ensino, a universidade, a investigación, os medios de comunicación e de información, as industrias culturais, a industria, a empresa, as asociacións de carácter económico, os bancos e caixas, as empresas tecnolóxicas e doutros sectores, a xustiza, e un longo etc.

Todas elas relacionadas nacional, estatal e internacionalmente, comunicadas polos medios, comunicadas tamén pola política, en diálogo entre elas mesmas. Este complexo panorama ao nivel da acción acadada maior complexidade aínda se reparamos en que as accións de, sobre e para a lingua están condicionadas por outra serie de axentes moi relevantes no contexto actual. Como son a UE, as organizacións internacionais, a rede de relacións internacionais...

Todo isto lévanos a un contexto concreto nun tempo concreto, que ao noso entender está necesitado de novas reflexións e análises sobre a sociedade galega actual, estatal e mesmo mundial.

### 4. O papel protagonista das linguas na sociedade da información, o caso da lingua galega

- Situación actual da lingua e transformacións sociais
- Planificación lingüística ou contra planificación lingüística (galego-español-ínglés)?

A historia da tecnoloxía demostra que as sociedades e as persoas adoptan as novas tecnoloxías segundo as súas necesidades e intereses, e que as utilizan a partir dos seus valores e cultura, xeralmente en termos non previstos polos creadores da tecnoloxía.

CASTELLS, M./TRUBELLA, I./ SANCHO T./ ROCA M. (2007): *A transición á sociedade rede*. (Barcelona: Ariel).

Estamos nun momento no que nacen moitas novas teorías, lóxicamente porque buscan dar explicación aos novos contextos e paradigmas. Falamos da sociedade da información, sociedade postindustrial, sociedade do ocio, etc. E relacionamos

todo isto co feito de que a acción en torno á lingua galega é un tema social, as redes en torno á lingua galega son un tema social. Un tema social a lingua galega que no seu rexurdir, nos movementos que a trouxeron até hoxe sempre estivo imbricada en discursos de vangarda.

Podemos viaxar polo tempo e observar a denuncia social de marxinación, de emigración no tempo do Rexurdimento. Relacionado cunha recuperación da identidade nun momento de esplendor das sociedades industriais. Con figuras recoñecidas internacionalmente hoxe como a propia Rosalía de Castro. Podemos achegármonos ao nacionalismo histórico galego posto en diálogo coas vangardas culturais daquel momento, prestixiando a través da literatura a nosa lingua, como algo radical e innovador naqueles tempos. Podemos tamén avaliar como o impulso á normalización do último terzo do século XX estivo ligado ao ascenso do nacionalismo galego, en diálogo con outras realidades nas experiencias de normalización e na solidariedade con outros pobos, tanto no Estado como fóra del.

Hoxe temos outro contexto, nin mellor, nin peor, supoño que o doutros tempos. Un contexto a analizar, sen atarnos a un pasado que nos dignifica xa en moitas loitas, sen caeremos tampouco nas abstraccións dun futuro delirante e irreal. Crucemos estas reflexións coa planificación lingüística, esa planificación ou contraplanificación, ou ambas cousas a un tempo. Porque tan necesario é planificar o propio como defendérmonos doutras planificacións lingüísticas que nos afectan e que mesmo provocan moitas limitacións recoñecidas mesmo a nivel internacional.

De non abundaren estas reflexións podemos ler con atención os seguintes textos escritos desde un espazo que se cadra nos percibimos na distancia como un espazo sen conflito lingüístico. E observaremos a través dos textos como esta é unha problemática que preocupa á educación, ao mundo lingüístico e social do noso tempo.

#### **Planificación lingüística ou contra planificación lingüística?**

A planificación lingüística céntrase na distribución do poder lingüístico e implica os proxectistas como persoas con autoridade sobre o poder sociocultural e económico dun estado, unha nación ou unha entidade nacionalizada.

(...) é o proceso de formación do estado o que crea condicións para a creación dun mercado lingüístico unificado, dominado por unha lingua oficial.

A dominación lingüística está intrinsecamente conectada co poder da lingua para crear significado e lexitimar normas comunicativas.

A disciplina da planificación lingüística estivo no centro desta loita para presentarse como unha ciencia e alegar obxectividade científica (...).

Sen dúbida este é o argumento utilizado no discurso neoliberal das forzas económicas de Europa. Achacar a fragmentación económica ás diferenzas lingüísticas tamén é unha práctica patente no debate do só inglés nos Estados Unidos e na controversia sobre a lingua oficial en Canadá.

Esta afirmación é común no discurso da planificación lingüística, que, en xeral, adoptou sen ningún cuestionamento, aceptar que o desenvolvemento económico se consegue mellor en estados cultural e lingüisticamente homoxéneos.

Joshua Fishman afirmou que a homoxeneidade lingüística é unha característica básica dos estados cunha economía máis avanzada, un ensino máis adiantado, unha política máis moderna e unha ideoloxía ou política máis sosegada.

Frecuentemente, tamén se deixan de lado os casos das comunidades plurilingües en que a imposición do monolingüismo afectou o desenvolvemento do ensino e da economía, e incluso ameazou a calma política; tal como aconteceu na maioría dos países africanos que adoptaron a lingua dos colonizadores como lingua oficial.

De feito, a razón de ser da planificación lingüística é resolver o conflito social e instaurar a orde social mediante a lexitimación de valoracións determinadas na referencia ás linguas e ás súas variantes.

Incluso nas sociedades que recoñecen oficialmente a pluralidade lingüística, a planificación lingüística educativa aspira a algún xeito de asimilacionismo, xa que non hai ningunha outra lingua á que se lle atribúa semellante status, á parte da lingua oficial ou nacional, e ás linguas minoritarias e ás persoas usuarias considéraselles a miúdo inferiores ou subordinadas.

#### **Os discursos dos currículos escolares e da planificación do ensino da lingua.**

Se a lingua oficial ou nacional se presenta como a lingua principal, a secundaria ou unha lingua estranxeira, que outras linguas se inclúen e se exclúen do currículo escolar son cuestións estreitamente vinculadas con temas sociopolíticos de grande extensión.

Dito doutro xeito, a planificación educativa aspira a rematar coa diferenza. A diferenza considérase infrutuosa, unha ameaza á estabilidade, á tradición e á cultura...

MACEDO, DONALDO/DENDRINOS, BESSIE/GOURNARI, PANAYOTA (2005). *Lingua, ideoloxía e poder. A hexemonía do inglés*. (Barcelona: Graó)

## 5. Algunhas propostas para a acción e a rede

Para non deixar debuxado un contexto sen saídas véñenos á cabeza algunhas posibles liñas de acción para pór en marcha a acción e a rede. Algunhas son pautas moi evidentes e xa moi utilizadas, outras son propostas ben intencionadas e apaixonadas que queren contribuír a achegar un gran de area á grande tarefa de dignificar a nosa lingua.

Unha delas a de prestixiar a lingua na liña de relacionala coas novas estruturas sociais, coas novas profesións por exemplo, con novos espazos de prestixio. Tamén podemos optar por traballar para acadar a superación de prexuízos para levar esta superación ao carón das posibilidades de comunicación, de influencia, de activación ao redor dos medios de comunicación.

É relevante tamén procurar a implicación da sociedade na política lingüística, por exemplo podemos preguntármonos quen son os motores actuais na sociedade, cales destes motores teñen máis forza, cales son máis estratéxicos para a lingua. A idea é a de apostar por un discurso de promoción, defensa e dignificación da lingua con opinión reflexiva, con contestación de cara á hexemonía, ás descualificacións, etc. E aquí vemos necesario ter opinión con respecto ao Estado e ao contexto internacional.

Precisamos, en resumo, enfocar o novo contexto e traballar, pensar e actuar con forzas renovadas. Debemos superar o todo está feito e inventado -isto é un produto da sociedade do desánimo, do medo, da desmobilización e do despensamento-. Cremos moi importante o feito de desenmascarar os dúbidos discursos, sinalar as contradicións da hexemonía de certas linguas e da prohibición das diferenzas. Acadar, ao tempo, conexións e comunicación social achegándonos aos novos contextos.

De xeito central, o impulso podería estar orientado a estarmos sempre prestando atención ao cambio, a iniciativas como a de [galeg@s](mailto:galeg@s) no mundo. Reflexionarmos, e resumo, sobre a quen nos diriximos se ao conxunto da sociedade, ou a pequenos grupos interesados na lingua. E por último deberíamos ter sempre presente a análise dos medios de comunicación e de información, para poñer en marcha as iniciativas normalizadoras avaliando sempre o contexto no que imos actuar.